


A península Ibérica entre os ss. XI e XV



A evolução dos reinos cristãos

A consolidación dos reinos cristiáns

Durante os ss. XI, XII e XIII os reinos cristiáns que vimos que se formaban na PI consolídanse como tal.

Como sabedes, no s. XIII xa só queda o reino nazarí de Granada como territorio musulmán.

Os reinos cristiáns deron por rematada a súa expansión. O Reino Nazarí só tiña fronteiras con Castela, e a esta interesábanlle máis os tributos que podía obter deste próspero reino musulmán ca súa conquista.

Así, seguiron dous séculos de complicada convivencia entre Castela e Granada; entre a amizade e a guerra.

En 1492, os Reis Católicos decidirían completar a mal chamada Reconquista.




À altura do s. XIII, na PI temos consolidados 5 reinos:

R. Castela e León




R. Aragón



Navarra



Portugal



<https://www.gciencia.com/reinodegalicia/de-heraldica-nascimento-escudo-reino-galicia/>

As actividades económicas nos reinos cristiáns

Mantiveron unha **economía agraria**. Existían **grandes señoríos, propiedade da monarquía, a nobreza, o clero e as ordes militares, nos que as terras eran traballadas polos campesiños.**

Destacou a **MESTA**: en Castela, a nobreza e as ordes militares converteron as súas terras en pastos destinados á cría da ovella merina, en réxime de transhumancia. Obtiñan unha lá de moita calidade que daba bos beneficios.

- O paso e pasto das ovellas deu lugar a conflitos cos agricultores polo que o rei tivo que mediar: acordouse coas asociacións de gandeiros uns camiños polos que transitar (as cañadas reais) e non molestar aos agricultores.

→ Para protexer os seus intereses en 1273 fundouse o Honrado Concello da Mesta, unha asociación de gandeiros recoñecida e privilexiada por Alfonso X.

- Contou con importantes privilexios, como o dereito de paso polas cañadas reais e a prioridade dos pastos sobre as terras de cultivo.
- A importancia da Mesta foi moi grande: favoreceu o desenvolvemento da gandería e do comercio da lá, converténdoa nun dos principais recursos económicos de Castela.

En Navarra e Aragón a transhumancia tamén tivo importancia e deron lugar a asociacións de gandeiros chamadas MESTAS e LIGALLOS.



O rei Alfonso X, chamado o Sabio, ataviado cas armas de Castela e León

A **transhumancia** (o desprazamento estacional do gando entre pastos de verán e inverno) non desapareceu, pero xa non é a base da economía gandeira como en séculos pasados. Aínda así:


- Séguese practicando nalgunhas zonas, especialmente con ovellas e vacas.
- Hai rutas activas entre rexións como Castela e León, Extremadura ou Andalucía.
- Ademais, converteuse nun evento cultural e turístico. Por exemplo, cada ano celébrase o paso de rabaños polo centro de Madrid na Festa da Transhumancia, para lembrar esta tradición.

As **cañadas reais** (antigas rutas para o gando) tamén seguen existindo legalmente:

- Forman parte da rede de vías pecuarias, protexidas por lei en España.
- Moitas foron invadidas, reducidas ou cortadas por estradas e urbanizacións.
- Outras foron recuperadas e hoxe úsanse como camiños rurais, sendeiros ou rutas ecolóxicas.

Festa transhumancia:

https://youtu.be/X_ssf_Nz3rk



Nas cidades a importancia estaba na artesanía e o comercio.

- O comercio realizabase en tendas urbanas, mercados semanais e ferias anuais.
- En Castela:
 - Desenvolveuse ao longo do Camiño de Santiago e máis tarde nos portos do Atlántico que exportaban produtos a Inglaterra e Flandres e importaban produtos como escravos do norte de África e especias do Mediterráneo Oriental.
- Na Coroa de Aragón, o principal foco comercial era Barcelona, que exportaba tecidos e importaba cereais, seda e especias do Mediterráneo Oriental.



Doc. 2 Principales rutas del comercio medieval.

Rutas do comercio europeo na Baixa Idade Media



Praza da verdura en Pontevedra

A cultura e a arte

Na Plena Idade Media vívese un certo rexurdimento cultural. Destacamos:

- A Escola de tradutores de Toledo: lugar de encontro das culturas cristiá, musulmá e xudía.
- Arte gótica: <https://youtu.be/MgChbmr35-w>
- Arte mudéxar: estilo artístico que xurdiu na Península Ibérica, especialmente entre os ss. XII e XVI. Foi creado por musulmáns (mudéxares) que vivían en territorios cristiáns tras a Reconquista, mesturando elementos da arte islámica coa cristiá.

Características principais:


- Uso de materiais sinxelos como ladrillo, xeso e madeira
- Decoración moi elaborada e xeométrica
- Presenza de arcos de ferradura e lobulados
- Azulexos de cores e mosaicos
- Teitos de madeira decorados (artesonados)
- Influencia islámica na ornamentación (motivos vexetais e caligráficos)

→ É unha arte de fusión cultural que combina tradicións cristiás e musulmáns, moi visible en igrexas, palacios e torres.

A atopamos sobre todo en territorios conquistados polos cristiáns onde houbo moita poboación mudéxar:

Castela (especialmente Toledo e arredores)

- **Aragón** (un dos focos máis importantes). Recoñecido pola UNESCO como Patrimonio da Humanidade.
- **Andalucía**
- **Estremadura**



<https://youtu.be/tQRewuXDQbc>

Arte medieval en los reinos cristianos

Arquitectura

Románico (S. X-XII)




Monasterio de San Pedro de Roda (S. IX) en Gerona



Iglesia de San Clemente de Tahull (S. XII) en Lleida



Catedral de Santiago de Compostela (S. XI)



Iglesia de San Marín de Frómista (S. XI) en Palencia



juanjromero.es

ÁBSIDE CENTRAL
ÁBSIDES LATERALES

Gótico (S. XIII-XV)



Catedral de Burgos (S. XIII)




Vidrieras de la catedral de León (S. XIII)



Atarazanas de Valencia (S. XIV)



Interior de la Lonja de la seda de Valencia (S. XV)



Iglesia San Lorenzo (S. XIII), Sahagún

Mudéjar (S. XII-XVI)



Torre de la iglesia del Salvador (S. XIV), Teruel



Catedral Palma de Mallorca (S. XIII)

EDIFICIOS RELIGIOSOS

CIVILES

Escultura y pintura

Románico (S. X-XII)



Pórtico de la Gloria, Santiago de Compostela



Claustro del monasterio de Santo Domingo de Silos



Frescos del ábside de San Clemente de Tahull



Frescos de la cripta de San Isidoro de León

Gótico (S. XIII-XV)



Sepulcro del Infante D. Alfonso, Gil de Siloé, en la Cartuja de Miraflores (Burgos)



Virgen del Consellers. Óleo sobre tabla, Lluís Dalmau (Barcelona)

Como eran gobernados estes reinos?

Monarquias→ os estados peninsulares eran gobernados por reis, que foron fortalecendo o seu poder cara o final da Idade Media (como xa vimos):

- En Castela, o rei tiña máis poder que o de Aragón: A Coroa de Aragón estaba composta por Aragón, Cataluña, Mallorca e Valencia, coas súas propias institucións, leis e costumes, e o rei tiña que pactar con elas (ó que se lle chamou PACTISMO).

Institucións→ como noutros territorios europeos, os monarcas axudáronse de:

- **A Curia Rexia** ou **Consello Real**: formado por nobres e cabaleiros e eclesiásticos.
→ A partir do s. XIII os reis incorporan á Curia burgueses ricos nomeados polas cidades: **así nacen as CORTES** ou **PARLAMENTOS** (con representantes dos tres estamentos).



A EVOLUCIÓN DAS CORTES MEDIEVAIS:

As Cortes medievais celebrábanse por iniciativa do rei. Nestas assembleas tratábanse cuestións referidas ao goberno do reino, especialmente a aprobación de impostos extraordinarios e a regulación da moeda acuñada.

- En 1188, o rei de León Alfonso IX of León convocou o primeiro parlamento de toda Europa.
- As primeiras Cortes en Cataluña reuníronse en 1218, en Portugal en 1254, en Aragón en 1274 e en Navarra en 1300.

O funcionamento non era exactamente igual en todas elas:

- Por exemplo, mentres que en Castela non aprobaban leis, porque era unha facultade do rei, en Aragón si que o facían.
- En Aragón o rei estaba obrigado a escoitar as peticións dos representantes antes de facer as súas, mentres que en Castela ocorría ao revés.

A medida que vaia aumentando o poder do rei xa **na Idade Moderna**, coa aparición das monarquías absolutas (nas que o poder do rei é absoluto), **as cortes irán perdendo importancia**→ debido ao absolutismo monárquico, practicamente deixan de ter función política real e xa non se convocan con regularidade nin teñen capacidade de decisión.

Non obstante, **non desaparecen definitivamente**: no s. XIX recupéranse. As Cortes de Cádiz encargáranse de aprobar a 1º CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA (1812).

En resumo: deixan de ser relevantes a finais do século XVIII, pero recuperan protagonismo a comezos do século XIX.



A administración territorial e municipal

A administración dos territorios era moi complexa:

- O rei controlaba directamente só os seus propios territorios: territorios de reguengo.
- Os nobres e eclesiásticos administraban os seus: territorios eclesiásticos ou nobiliares.
- As cidades tiñan grande autonomía e un goberno propio en mans do CONCELLO.

A crise da Baixa Idade Media na Península Ibérica

Ao igual que no resto de Europa os reinos peninsulares sufriron unha grave crise.

- A peste supuso a perda dun 25% da poboación en Castela e do 40% en Aragón.
- Vivíuse unha profunda crise demográfica + económica + social:
- Neste contexto vivíronse numerosos conflitos sociais como as revoltas Irmandiñas ou as remeças en Cataluña e os foráns en Mallorca.

Pese a isto, Castela e Aragón continuaron coa súa expansión territorial:

- Castela polo Atlántico (toma o control do estreito de Xibraltar e conquista as Illas Canarias)
- Aragón polo Mediterráneo (toma os ducados de Atenas, Neopatria, Sardeña e Nápoles)



Sociedade, cultura e crise:

<https://youtu.be/4f2cOMS-IZg>

GALICIA ENTRE OS SÉCULOS XI E XV

Galicia configurouse na Idade Media como unha entidade política propia, o **Reino de Galicia**. Tivo reis propios en determinados momentos, sendo o último García II de Galicia no século XI.

Aínda que posteriormente quedou integrado na Coroa de León e máis tarde na de Castela, mantivo unha identidade diferenciada, e o título de “Rei de Galicia” mantívose de forma simbólica na titulación real ata o século XIX, o que reflicte a continuidade histórica e institucional do reino.

Un dos principais centros de poder e referencia foi Santiago de Compostela, convertida nun foco relixioso de primeira orde en Europa grazas ao Camiño de Santiago. A Igrexa xogou un papel fundamental na organización do territorio e na vida política, destacando figuras como Diego Xelmírez, quen impulsou o poder da sede compostelá e contribuíu á proxección internacional de Galicia.

Galicia non contou cunha rede de grandes cidades comparables ás doutras zonas europeas, pero existían vilas destacadas que concentraban actividade económica, administrativa e relixiosa. Entre elas salientaban Santiago de Compostela, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Tui, que actuaban como centros vertebradores do territorio.

A sociedade organizábase en estamentos: nobreza, clero e campesiñado.

Nos ss. XII e XIII coa expansión demográfica e económica aparecen novas vilas e cidades. A Igrexa e os mosteiros aumentan o seu poder. Porén, nos ss. **XIV-XV**, no contexto da crise baixomedieval a nobreza loita polo poder e aumenta a presión sobre os campesiños, xerando conflitos sociais: a revolta irmandiña. Campesiños e habitantes das vilas se rebelan e destrúen castelos. A revolta é finalmente derrotada, pero mostra o forte malestar social.



García II de Galicia tamén coñecido por García de Galiza, ou simplemente Don García, nado en 1042 e finado o 21 de marzo de 1090, foi un monarca galego que reinou entre os anos 1065 e 1071

Actv. páx. 134: 2, 3

páx. 135: 5